

oficiais as análises establecidas no correspondente regulamento técnico, se obtivesen resultados inferiores aos indicados nese regulamento, ordenarase a inmovilización do lote, procedéndose a nova toma de mostras ou análise, ou a ambas, se o produtor o solicita; se o resultado é de novo deficiente, procederase á desprecintaxe do lote. En caso de que o lote deficiente fose comercializado, incoaráselle ao produtor o correspondente expediente sancionador.

Se nun prazo de quince días, contados a partir da data da precintaxe para as determinacións distintas á xerminación, ou no de quince días posteriores á duración das análises de xerminación, segundo as normas da ISTA para determinar esa xerminación, non se lle comunicou ao produtor ningunha deficiencia, o lote de sementes poderao comercializar baixo a súa responsabilidade.

Se as análises de laboratorios deren resultados inferiores aos establecidos no correspondente regulamento técnico, deberase proceder á inmovilización do lote de sementes, ben que o produtor poderá solicitar unha segunda toma de mostras. Se o resultado da análise desta mostra for de novo deficiente, desprecintarase o lote. En caso de que o lote deficiente fose comercializado, incoarase o correspondente expediente sancionador.

Para as especies incluídas nos regulamentos técnicos, con excepción da pataca da semente e das plantas de viveiro, as determinacións para comprobar que as sementes de categoría base, certificada e, se é o caso, comercial, cumpren os requisitos exixidos polos correspondentes regulamentos técnicos, poderanse realizar baixo supervisión oficial se se cumpren as seguintes condicións:

a) As análises serán levadas a cabo por laboratorios debidamente autorizados para tal fin polo organismo oficial responsable.

b) Contarán cun analista directamente responsable das operacións técnicas de laboratorio que dispoña das cualificacións necesarias para levar a xestión técnica dun laboratorio de probas sobre sementes.

c) Os seus analistas de sementes contarán coas cualificacións técnicas necesarias, adquiridas en cursos de formación organizados nas mesmas condicións aplicables aos analistas oficiais e confirmadas en exames oficiais.

d) As instalacións e os equipamentos de que dispoñan os laboratorios deberán ter sido considerados como satisfactorios polo organismo oficial responsable.

e) Levarán a cabo as probas sobre sementes de acordo cos métodos internacionais actualmente vixentes.

f) Deberán ser independentes ou pertencentes a unha empresa de sementes.

Neste último caso, soamente poderán levar a cabo os ensaios sobre lotes de sementes producidas por conta desa empresa, salvo acordo en contrario entre esta, o solicitante da certificación e o organismo oficial responsable.

g) Os resultados obtidos someteranse a un control por parte do organismo oficial responsable.

h) Ao menos un 5% dos lotes analizados en laboratorios autorizados someterase a unha análise oficial de control.

Para as plantas de reprodución asexual, os correspondentes regulamentos técnicos indicarán as análises cuxos resultados deban ser presentados polos produtores.

As operacións de precintaxe e toma de mostras de sementes ou plantas de viveiro reflectiranse nunha acta segundo modelo oficial, que asinarán a entidade e o tomador de mostras, facéndose constar as circunstancias en que se realizaron tales operacións.

A precintaxe de sementes e plantas de viveiro terá un período de validez máximo de dez meses, salvo que,

excepcionalmente, se indique o contrario no correspondente regulamento técnico.»

4. Na alínea 26.c) suprimense da primeira frase as palabras: «como semente certificada».

5. Ao final do punto 44 engádesse o seguinte parágrafo:

«No caso de inspeccións de campo, toma de mostras e análise de laboratorio realizados baixo supervisión oficial, sancionaranse as infraccións de acordo co disposto na normativa vixente. En todo caso, o incumprimento das citadas normas, deliberadamente ou por negligencia, por parte do inspector, tomador de mostras ou laboratorio oficialmente autorizado, poderá dar lugar á retirada da autorización outorgada. O organismo oficial responsable anulará a certificación das sementes examinadas, salvo en caso de que se poida demostrar que as sementes cumpren os requisitos pertinentes.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149, 1, 13.^a da Constitución, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de novembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19154 REAL DECRETO 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal. («BOE» 279, do 22-11-2005.)

A Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, supuxo a revisión do marco legal existente no noso país na materia ata ese momento, constituído pola Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

Unha das principais características da Lei 50/2002, do 26 de decembro, é que nela se aborda a regulación substantiva e procedimental das fundacións, pero non o seu réxime tributario, o cal se encontra regulado pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que foi desenvolvida regulamentariamente polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro.

Por outra parte, e aínda cando a Lei 50/2002, do 26 de decembro, introduciu importantes modificacións sobre diversos aspectos da vida fundacional, tamén é certo que conservou un importante número de preceptos da Lei 30/1994, do 24 de novembro.

Resulta agora necesario abordar o desenvolvemento regulamentario da indicada lei, para facilitar a súa aplicación en prol dunha maior garantía da eficacia na xestión das fundacións, e a salvo, por razóns de especialidade da materia, de canto se refire ao rexistro de fundacións de competencia estatal, que será obxecto dunha regulación específica.

Neste sentido, o regulamento que se aproba mediante este real decreto, ditado de conformidade coa habilitación contida na disposición derradeira cuarta da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, regula aquelas cuestións orientadas a facilitar a actividade e o adecuado funcionamento das devanditas entidades e recolle determinadas disposicións relativas aos diferentes aspectos do fenómeno fundacional.

O seu capítulo I recolle as disposicións de alcance máis xeral, relativas ao ámbito de aplicación da norma, a denominación das fundacións e as delegacións en España de fundacións estranxeiras.

Os capítulos II e III regulan a constitución e o goberno da fundación: adecuación e suficiencia da dotación, acreditación e valoración das achegas e organización e réxime de actuación do padroado, así como doutros posibles órganos de goberno.

No capítulo IV unificáronse as normas procedementais relativas aos actos de disposición e gravame do patrimonio fundacional, a diferenza do regulamento que agora se derroga, no que esta materia se regulaba de maneira dispersa.

No capítulo V desenvólvense as previsións legais relativas ás distintas actividades que poden levar a cabo as fundacións, así como as relacionadas coa súa xestión económica. Tamén se prevén, de acordo coa lei, diversas obrigas da fundación en materia de contabilidade e rendición de contas, sen prexuízo da aplicabilidade das normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins lucrativos. Por último, no devandito capítulo regúlase o destino que as fundacións han de lles dar ás súas diversas rendas e ingresos, e desenvólvense as limitacións cuantitativas que a lei prevé para certos tipos de gastos.

Tras a regulación da intervención temporal, recollida no capítulo VI, o capítulo VII regula os procedementos para a modificación de estatutos, a fusión e a extinción das fundacións, así como as normas aplicables á liquidación do patrimonio da fundación extinguida.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto prevé, nos seus dous últimos capítulos, a actuación da Administración en relación coas fundacións, sistematiza as diversas funcións que a lei lles atribúe aos protectorados, que haberán de manter coas asociacións de fundacións as debidas relacións de colaboración, e establece a estrutura, composición e funcións do Consello Superior de Fundacións.

Na súa virtude, por proposta dos ministros da Presidencia, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Xustiza, de Economía e Facenda, de Educación e Ciencia, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Administracións Públicas, de Cultura e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2005,

DISPÓN O:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento de fundacións de competencia estatal, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Rexistro de fundacións de competencia estatal.*

O Rexistro de fundacións de competencia estatal rexerá pola súa normativa específica.

Disposición adicional segunda. *Normas contables.*

As modificacións que, como consecuencia do disposto na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, sexa preciso realizar nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins lucrativos serán obxecto de desenvolvemento regulamentario específico.

Disposición adicional terceira. *Normas de elaboración do plan de actuación.*

As normas de elaboración do plan de actuación das fundacións serán obxecto de desenvolvemento regulamentario específico.

Disposición transitoria única. *Rexistros de fundacións.*

Ata que se aprobe a normativa reguladora do Rexistro de fundacións de competencia estatal, os rexistros de fundacións actualmente existentes rexerán polo Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, aprobado polo Real decreto 384/1996, do 1 de marzo.

Ata que entre en funcionamento o Rexistro único de fundacións de competencia estatal, as funcións a que se refire o regulamento que se aproba mediante este real decreto, incluída a información ao Consello Superior de Fundacións prevista no seu artigo 50.2, serán exercidas polos rexistros de fundacións actualmente existentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados:

a) O Real decreto 316/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal.

b) O Decreto 2930/1972, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento das fundacións culturais privadas e entidades análogas e dos servizos administrativos encargados do protectorado sobre estas.

c) O Decreto 446/1961, do 16 de marzo, polo que se crean as fundacións laborais, así como a Orde do Ministerio de Traballo, do 25 de xaneiro de 1962, pola que se ditan normas de aplicación do anterior.

2. Queda, así mesmo, derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste real decreto e no regulamento que se aproba.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase os titulares dos departamentos ministeriais para que adopten, no marco das súas competencias, as disposicións que resulten precisas para o desenvolvemento e a aplicación do establecido no regulamento que se aproba.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

REGULAMENTO DE FUNDACIÓNS DE COMPETENCIA ESTATAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

Este regulamento ten por obxecto desenvolver as previsións contidas na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, en relación con determinados aspectos do réxime das fundacións de competencia estatal e regula a organización e funcións do protectorado de fundacións de competencia estatal e do Consello Superior de Fundacións.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento aplícase:

- a) Ás fundacións que desenvolvan a súa actividade en todo o territorio do Estado, ou principalmente no territorio de máis dunha comunidade autónoma, sen prexuízo da súa posible actuación no estranxeiro.
- b) Ás delegacións das fundacións estranxeiras que actúen principalmente no territorio de máis dunha comunidade autónoma, respecto dos bens situados en España e de todas as actividades que realicen en territorio nacional.
- c) Ás fundacións do sector público estatal, coas especialidades previstas no capítulo IX da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e na súa normativa específica.
- d) Ás fundacións laborais de competencia estatal, segundo son definidas na disposición adicional primeira deste regulamento.

2. Quedan excluídas da aplicación deste regulamento:

- a) As fundacións a que se refire a Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional.
- b) As fundacións públicas sanitarias a que se refire o artigo 111 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que se rexerán pola súa normativa específica.
- c) As fundacións constituídas ao abeiro da Lei 15/1997, do 25 de abril, sobre habilitación de novas formas de xestión do Sistema Nacional de Saúde, que se rexerán pola súa normativa específica, sen prexuízo da aplicación supletoria do capítulo XI da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

3. O disposto neste regulamento enténdese sen prexuízo do establecido nos acordos coa Igrexa Católica e nos acordos e convenios de cooperación subscritos polo Estado con outras igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como nas normas ditadas para a súa aplicación en relación coas fundacións creadas ou fomentadas por estas.

Artigo 3. *Denominación das fundacións.*

1. As fundacións só poderán ter unha denominación. Poderanse utilizar as letras do alfabeto de calquera das linguas oficiais españolas. As expresións numéricas poderanse recoller en números arábigos ou romanos.

2. A denominación da fundación non poderá coincidir ou asemellarse de maneira que poida crear confusión con ningunha outra da que conste a súa previa inscrición nun rexistro público español, ou cunha denominación protexida ou reservada a outras entidades, públicas ou privadas, pola súa lexislación específica. Entre outras

posibles circunstancias, entenderase en todo caso que existe tal semellanza cando concorran algunha das seguintes:

- a) A utilización das mesmas palabras en diferente orde, xénero ou número.
- b) A utilización das mesmas palabras coa adición ou supresión de termos, expresións, artigos, adverbios, preposicións, conxuncións, acentos, guiños, signos de puntuación ou outras partículas de escasa significación.
- c) A utilización de distintas palabras con idéntica expresión gráfica ou notoria semellanza fonética.

3. As persoas físicas ou xurídicas poderán empregar o seu nome, denominación, pseudónimo ou acrónimo na denominación das fundacións que constitúan.

Artigo 4. *Delegacións en España de fundacións estranxeiras.*

1. O establecemento da delegación dunha fundación estranxeira deberá constar en escritura pública, en que se recollerán, polo menos, os seguintes datos:

- a) Os fins da fundación estranxeira.
- b) Os datos ou documentos que acrediten a constitución da fundación estranxeira consonte a súa lei persoal.
- c) Unha certificación do acordo do seu órgano de goberno polo que se aproba establecer unha delegación da fundación en España.
- d) A denominación da delegación, que deberá integrar a expresión «Delegación da fundación».
- e) O domicilio e ámbito territorial de actuación da delegación en España.
- f) As actividades que, en cumprimento dos fins, pretende realizar a delegación de forma estable en España, sen que estes poidan consistir exclusivamente na captación de fondos.
- g) A identificación da persoa ou das persoas que exercerán a representación da delegación ou que integrarán os seus órganos de goberno.
- h) O primeiro plan de actuación da delegación en España.

2. O protectorado ditaminará, de forma preceptiva e vinculante para o Rexistro de fundacións de competencia estatal, se os fins da fundación matriz son de interese xeral consonte o ordenamento xurídico español.

CAPÍTULO II

Constitución da fundación

Artigo 5. *Acreditación das achegas á dotación.*

1. A realidade das achegas en diñeiro á dotación deberase acreditar ante o notario autorizante da escritura de constitución da fundación mediante un certificado de depósito da cantidade correspondente a nome da fundación nunha entidade de crédito.

O certificado, que se deberá incorporar á escritura pública, será expedido pola entidade de crédito depositaria, e o depósito non poderá ser de data anterior en máis de tres meses á da escritura pública.

De igual maneira haberá de se proceder nos sucesivos desembolsos, cando a achega en diñeiro se efectúe de forma sucesiva nos termos establecidos no artigo 12.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; o certificado de depósito correspondente deberase incorporar á escritura ou escrituras públicas que documenten os citados desembolsos.

Os requisitos exixibles para a inscrición rexistral dos aumentos da dotación mediante achegas en diñeiro, así como daqueles a que se refire o artigo 32.1, serán os que

estableza o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal.

2. Cando a achega á dotación non fose en diñeiro, describiranse os bens e dereitos obxecto da achega na escritura de constitución, e indicaranse os seus datos rexistrados, se existisen, e o título ou concepto da achega. Incorporarase á escritura de constitución o informe de valoración a que se refire o artigo seguinte.

Nos aumentos da dotación, cando a achega non pecuniaria fose procedente do fundador ou de terceiros, deberase facer constar na escritura pública correspondente o establecido no parágrafo anterior, así como a manifestación da vontade do achegante de que forme parte da dotación.

3. Cando a achega que non sexa en diñeiro comporte algún tipo de carga ou gravame para a fundación, o achegante estará obrigado ao saneamento da cousa obxecto da achega, nos termos establecidos no artigo 638 do Código civil para as doazóns onerosas.

4. Os compromisos de achegas de terceiros á dotación inicial haberán de constar en títulos dos que levan aparelhada execución, que se deberán describir na escritura fundacional.

Artigo 6. *Valoración das achegas á dotación.*

1. O valor da dotación fixarase sempre en euros, tanto se consiste en diñeiro como en achegas que non sexan en diñeiro.

2. As achegas que non sexan en diñeiro realizadas á dotación serán valoradas por un experto independente nomeado polo padroado e á custa da fundación, salvo cando a achega se produza no momento de constituír a fundación, suposto en que o experto será designado polo achegante e á súa custa. A designación haberá de recaer en persoas que exerzan unha profesión ou actividade directamente relacionada coa valoración ou peritación dos bens ou dereitos obxecto da achega, e que cumpran os requisitos exixidos para o seu exercicio.

Cando os bens ou dereitos que se deban valorar sexan de natureza heteroxénea, poderán nomearse varios expertos. No nomeamento expresaranse os bens ou dereitos que deben valorar cada un deles.

3. Cando as achegas consistan en valores cotizados nun mercado secundario oficial, terá a consideración de informe de experto independente a certificación dunha entidade xestora que opere no devandito mercado, en que se acredite a valoración dos títulos de acordo coa cotización media do último trimestre.

4. A taxación do experto independente deberase incorporar á escritura de constitución; na inscrición rexistral farase constar o nome do experto que a elaborase, as circunstancias da súa designación, así como a data de emisión do informe.

O informe conterá a descrición de cada unha das achegas que non sexan en diñeiro, cos seus datos rexistrados, se é o caso, así como os criterios de valoración adoptados.

Artigo 7. *Fundación en proceso de formación.*

1. O protectorado, ao recibir a copia simple da escritura de constitución enviada polo notario autorizante, poderá requirir os patróns designados nela para que acepten o cargo, se aínda non o fixesen, e insten a inscrición da fundación.

2. Transcorridos seis meses desde o outorgamento da escritura fundacional sen que os patróns instasen a inscrición no Rexistro de fundacións de competencia estatal, o protectorado comunicarlles o seu cesamento e reclamaralles a entrega de toda a documentación que

conste no seu poder, e procederá, logo de autorización xudicial, á designación de novos patróns.

CAPÍTULO III

Goberno da fundación

Artigo 8. *Normas de organización do padroado.*

As disposicións recollidas neste capítulo aplicaranse en defecto da regulación contida nos estatutos, de acordo coa lei.

Artigo 9. *Convocatoria e constitución do padroado.*

1. As reunións do padroado serán convocadas polo seu secretario, por orde do presidente, ademais de nos supostos legalmente previstos, sempre que este o coide necesario ou conveniente ou cando o solicite a terceira parte do número total dos membros do padroado. Neste caso, a solicitude de convocatoria dirixida ao presidente fará constar os asuntos que se vaian tratar.

2. Na convocatoria recollerase o lugar, a data e a hora da reunión e a súa orde do día. Remitirase de forma individual a todos os patróns con, polo menos, cinco días de antelación, ao domicilio designado por eles, mediante calquera procedemento, incluídos os medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, que permita acreditar a súa recepción polos destinatarios.

3. O padroado poderá adoptar acordos cando estea presente ou representada a maioría absoluta dos patróns.

4. O padroado quedará validamente constituído sen necesidade de previa convocatoria, sempre que estean presentes ou representados todos os patróns e acepten por unanimidade celebrar a reunión.

5. A reunión do padroado poderase prorrogar nunha ou en varias sesións cando este así o acorde, por proposta do seu presidente.

Artigo 10. *Composición do padroado.*

1. Cando os estatutos fixen un máximo e un mínimo de patróns, corresponderalle ao propio padroado a determinación do seu número concreto.

2. Se se designase patrón unha persoa xurídica, esta comezará a exercer as súas funcións tras ter aceptado expresamente o cargo e ter nomeado como representante unha ou varias persoas físicas, mediante acordo do órgano competente da persoa xurídica. A designación do representante ou representantes, así como as súas posteriores substitucións, comunicaránelles ao padroado e ao protectorado.

Artigo 11. *Adopción de acordos polo padroado.*

1. O padroado adoptará os seus acordos por maioría dos patróns presentes ou representados na reunión. O presidente terá voto de calidade en caso de empate.

2. O patrón absterase de exercer o dereito de voto cando se trate de adoptar un acordo polo que:

a) Se estableza unha relación contractual entre a fundación e o patrón, o seu representante, os seus familiares ata o cuarto grao inclusive, ou o seu cónxuxe ou persoa ligada con análoga relación de afectividade.

b) Se fixe unha retribución polos seus servizos prestados á fundación distintos dos que implica o desempeño das funcións que lle corresponden como membro do padroado.

c) Se emprenda a acción de responsabilidade contra el.

Artigo 12. *Actas das sesións do padroado.*

1. De cada sesión que celebre o padroado o secretario levantará acta, en que especificará necesariamente os asistentes, presentes ou representados, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións se o solicitasen os patróns, así como o contido dos acordos adoptados. As actas serán asinadas en todas as súas follas polo secretario do padroado, co visto e praxe do presidente.

2. Na acta poderá figurar, por solicitude de cada patrón, o voto contrario ou favorable ao acordo adoptado ou a súa abstención, así como a xustificación do sentido do seu voto. Así mesmo, os patróns teñen dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que acheguen no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, que se fará constar na acta ou se unirá unha copia a esta. Tamén poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado.

3. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; non obstante, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

4. O presidente do padroado requirirá a presenza dun notario para que levante acta da reunión sempre que, con cinco días de antelación ao previsto para a súa celebración, o solicite a terceira parte do número total de membros que integran o padroado.

5. A fundación deberá levar un libro de actas en que constarán todas as aprobadas polo padroado.

Artigo 13. *Funcións do presidente e vicepresidentes do padroado.*

1. Corresponderalle ao presidente do padroado:

a) Exercer a representación da fundación en xuízo e fóra del, sempre que o padroado non lla outorgase expresamente a outro dos seus membros.

b) Acordar a convocatoria das reunións do padroado e a fixación da orde do día.

c) Presidir as reunións e dirixir e moderar o desenvolvemento dos debates, someter a votación os acordos e proclamar o resultado das votacións.

d) Velar pola correcta execución dos acordos adoptados polo padroado.

e) Velar polo cumprimento da lei e dos estatutos.

f) Visar as actas e certificacións dos acordos do padroado.

g) Calquera outra facultade que legal ou estatutariamente lle estea atribuída.

2. O padroado poderá nomear no seu seo un ou varios vicepresidentes e establecerá a súa orde. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente, as súas funcións serán asumidas polo vicepresidente único ou primeiro e, no seu defecto, polo segundo e sucesivos, se existisen.

Artigo 14. *Funcións do secretario do padroado.*

1. Corresponderalle ao secretario do padroado:

a) Efectuar a convocatoria das reunións do padroado por orde do seu presidente e realizar as correspondentes citacións aos membros do padroado.

b) Asistir ás reunións do padroado, con voz e voto se a secretaría corresponde a un patrón, ou só con voz en caso contrario.

c) Conservar a documentación da fundación e reflectir debidamente no libro de actas do padroado o desenvolvemento das súas reunións.

d) Expedir certificacións co visto e praxe do presidente, respecto dos acordos adoptados polo padroado.

e) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario ou se prevexan expresamente nos estatutos da fundación.

2. Sen prexuízo doutras previsións de suplencia que poidan prever os estatutos, o padroado poderá nomear un vicesecretario, que asumirá as funcións do secretario no caso de vacante, ausencia ou enfermidade deste.

Artigo 15. *Outros órganos da fundación.*

1. Os estatutos poderán prever a existencia doutros órganos distintos do padroado para o desempeño das funcións que expresamente se lles encomenden; en todo caso, deberanse respectar as funcións atribuídas legalmente ao padroado como órgano de goberno e administración ao que corresponde o cumprimento dos fins fundacionais e a administración do patrimonio da fundación. Nos estatutos regularase a composición e as funcións destes órganos.

2. Entre as facultades atribuídas a estes órganos non poderán comprenderse a aprobación das contas e do plan de actuación, a modificación dos estatutos, a fusión e a liquidación da fundación nin aqueles actos que requiran a autorización do protectorado, que son materias de competencia exclusiva do padroado.

3. En todo caso, a creación, modificación e supresión destes órganos e o nomeamento e cesamento dos seus membros deberase inscribir no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

CAPÍTULO IV**Patrimonio da fundación****Artigo 16. *Composición do patrimonio.***

O patrimonio da fundación está formado polos seguintes bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica:

a) A dotación, integrada pola dotación inicial achegada polo fundador ou por terceiras persoas, polos bens e dereitos de contido patrimonial que durante a existencia da fundación sexan achegados en tal concepto polo fundador ou por terceiras persoas, e polos bens e dereitos que sexan afectados polo padroado, con carácter permanente, aos fins fundacionais.

No caso de alleamento ou gravame de bens e dereitos da dotación, conservaranse nesta os bens e dereitos que veñan a substituílos e integrárense nela a plusvalía que se puidese xerar.

b) Os bens e dereitos directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais, sen carácter permanente, por declaración expresa do seu achegante, por acordo do padroado ou por resolución motivada do protectorado ou da autoridade xudicial.

c) Os demais bens e dereitos e as obrigas que adquira a fundación no momento da súa constitución ou con posterioridade.

Artigo 17. Réxime de disposición e gravame dos bens da fundación.

1. Están sometidos a un réxime de autorización previa do protectorado os actos de alleamento, oneroso ou gratuíto, ou de gravame dos bens e dereitos que formen parte da dotación e dos directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais, que se concederá se existe xusta causa debidamente acreditada.

2. Están sometidos a un réxime de comunicación, nun prazo máximo de trinta días hábiles posteriores á súa realización, os seguintes actos sobre bens ou dereitos que non formen parte da dotación ou que non se encontren directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais:

a) Os actos de disposición, a título oneroso ou gratuíto.

b) Os actos de gravame que recaian sobre bens pertencentes a algunha das seguintes categorías:

1.^a Bens inmobles.

2.^a Establecementos mercantís ou industriais.

3.^a Bens declarados de interese cultural pola Administración xeral do Estado ou polas comunidades autónomas.

c) Os actos de gravame cuxo importe sexa superior ao 20 por cento do activo da fundación que resulte do último balance aprobado.

Artigo 18. Contido da solicitude de autorización e da comunicación.

1. A solicitude de autorización ou a comunicación a que se refire o artigo anterior, así como as comunicacións relativas a herdanzas, legados e doazóns previstas no artigo 22 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

a) Certificación do acordo adoptado polo padroado da fundación.

b) Memoria acreditativa das características do ben ou dereito obxecto do acordo e dos elementos e condicións do negocio xurídico, con exposición das razóns en que se fundamenta e indicación do destino do importe.

c) Valoración dos bens e dereitos realizada por un experto independente. Tratándose de valores cotizados nun mercado secundario oficial, terá a consideración de informe de experto independente a certificación dunha entidade xestora que opere no devandito mercado, en que se acredite a valoración dos títulos de acordo coa cotización media do último trimestre.

2. A solicitude de autorización ou a comunicación de actos de gravame deberá conter expresión das circunstancias seguintes:

a) Cando se trate de préstamos hipotecarios, tense que determinar expresamente a contía e o destino do principal, a valoración do ben de conformidade cos criterios utilizados habitualmente polas entidades de crédito, os xuros pactados e o prazo para o cumprimento da obriga garantida.

b) Cando se trate de usufrutos, dereitos de superficie ou outra clase de gravames, tense que expresar o valor dos dereitos reais que se pretende constituír, a súa duración e os elementos e condicións esenciais do gravame. Para os efectos de valoración do dereito real que se pretenda constituír, seguirase o previsto nas normas reguladoras do imposto sobre transmisións patrimoniais relativas á constitución de dereitos reais.

Artigo 19. Procedemento de autorización administrativa.

1. O padroado dirixiralle ao protectorado a solicitude de autorización dos actos de disposición ou gravame previstos no artigo 17.1.

2. O protectorado poderá solicitar, á súa custa, unha valoración pericial do acto de disposición ou gravame. Se do contido do informe pericial se deducise un posible prexuízo para a fundación, daráselle traslado ao padroado para que alegue o que corresponda nun prazo de quince días.

3. O procedemento de autorización deberase resolver e notificar no prazo máximo de tres meses a partir da entrada da solicitude no rexistro do protectorado competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen se ter notificada unha resolución expresa, entenderase estimada a solicitude.

4. De se realizar o acto autorizado, remitirase ao protectorado no prazo dun mes unha copia do documento en que se formalice, para a súa oportuna constancia no protectorado e no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

5. O protectorado poderá denegar a autorización nos seguintes supostos:

a) Cando a contraprestación recibida no acto de disposición ou gravame sometido a autorización non resulte equilibrada.

b) Cando o acto de disposición ou gravame resulte doutro modo lesivo para os intereses da fundación ou poida impedir a realización dos seus fins.

Artigo 20. Autorización anual para o alleamento de valores cotizados.

1. No suposto de títulos valores que formen parte da dotación ou estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais e coticen nun mercado secundario oficial, o padroado poderá solicitar ao protectorado a autorización para allear en calquera momento ao longo do exercicio os valores que se detallen na solicitude ou os que os veñan substituír. O protectorado, se as circunstancias do caso o fixesen aconsellable, poderá conceder a devandita autorización sempre que os valores se alleen por un prezo superior ao de adquisición, salvo que circunstancias de mercado aconsellen o contrario; en tal caso, farase mención expresa deste extremo tanto na solicitude de autorización como na súa concesión.

2. O padroado comunicarlle trimestralmente ao protectorado os alleamentos efectuados, o cal poderá revogar a autorización cando estes sexan lesivos para os intereses da fundación, sen prexuízo da eficacia das operacións xa efectuadas.

3. Ao formular a comunicación ao protectorado, deberase acreditar o importe da cotización do día anterior ao da venda, cuxa data se deberá facer constar.

Artigo 21. Efectos da falta de autorización ou de comunicación.

1. Cando o protectorado teña coñecemento de que se realizaron actos de disposición ou gravame sen a preceptiva autorización ou sen cumprir a obriga de comunicar o acto ou negocio realizado, requiríraselle ao padroado canta información considere conveniente. O padroado disporá dun prazo de quince días para subministrar a devandita información.

2. O protectorado, á vista das circunstancias conconrentes, resolverá sobre a procedencia de emendar o defecto, e autorizará a posteriori o negocio efectuado, sen prexuízo da posibilidade de emprender a acción de res-

ponsabilidade contra os patróns ou de solicitar da autoridade xudicial a súa destitución.

Artigo 22. *Redución grave dos fondos propios.*

Cando durante dous exercicios consecutivos se aprecie nas contas anuais dunha fundación unha redución grave dos seus fondos propios que poña en risco a consecución dos seus fins, o protectorado poderá requirir o padroado co fin de que adopte as medidas oportunas para corrixir a situación.

CAPÍTULO V

Actividade da fundación e xestión económica

SECCIÓN 1.^a ACTIVIDADES FUNDACIONAIS

Artigo 23. *Actividades da fundación.*

1. As fundacións poderán desenvolver actividades propias e actividades mercantís.

Para estes efectos, enténdese por actividade propia a realizada pola fundación para o cumprimento dos seus fins, sen ánimo de lucro, con independencia de que a prestación ou servizo se outorgue de forma gratuíta ou mediante contraprestación.

2. As fundacións poderán, ademais, desenvolver directamente actividades mercantís cando realicen a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, ou dun de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos para obter lucro, sempre que o seu obxecto estea relacionado cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias daquelas, con sometemento ás normas reguladoras de defensa da competencia.

Así mesmo, as fundacións poderán realizar calquera actividade mercantil mediante a participación en sociedades, consonte o disposto no artigo seguinte.

Artigo 24. *Participación da fundación en sociedades mercantís.*

1. A adquisición orixinaria ou derivativa pola fundación de participacións maioritarias en sociedades mercantís en que non se responda persoalmente das débedas sociais deberáselle comunicar ao protectorado. A dita comunicación realizarase en canto a devandita circunstancia se produza, sen que se poida superar en ningún caso o prazo máximo de trinta día, e acompañarase dunha copia do título que xustifique a adquisición da participación maioritaria.

O previsto neste punto aplicarase igualmente ás adquisicións de participacións minoritarias que, acumuladas a adquisicións anteriores, dean lugar á participación maioritaria da fundación na sociedade mercantil.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, entenderase por participación maioritaria aquela que represente máis do 50 por cento do capital social ou dos dereitos de voto, para cuxos efectos se computarán tanto as participacións directas como as indirectas. Para determinar os dereitos de voto, no suposto de sociedades indirectamente dependentes dunha fundación, entenderase que a esta lle corresponde o número de votos que lle corresponda á sociedade dependente que participe directamente no capital social daquelas.

3. No caso de que o ordenamento xurídico estableza para a adquisición de participacións significativas un réxime de comunicación aos correspondentes organismos supervisores, o padroado da fundación deberalle comunicar a devandita adquisición ao protectorado cos requisitos establecidos no punto 1.

4. Se a fundación recibise por calquera título, ben como parte da dotación inicial, ben nun momento posterior, algunha participación en sociedades en que deba responder persoalmente das débedas sociais, o padroado deberá allear a devandita participación, salvo que, no prazo máximo dun ano, se produza a transformación de tales sociedades noutras en que quede limitada a responsabilidade da fundación.

Se transcorre o prazo mencionado sen que se levase a cabo o alleamento, ou sen que a sociedade participada se transformase en sociedade non personalista, o protectorado requirirá o padroado para que, no prazo de quince días, realice as alegacións que considere oportunas. O protectorado, se concorren as circunstancias previstas na lei, poderá emprender a acción de responsabilidade contra os patróns ou solicitar da autoridade xudicial o seu cesamento.

Artigo 25. *Códigos de conduta para a realización de investimentos temporais.*

1. Anualmente, o padroado emitirá un informe acerca do grao de cumprimento por parte da fundación dos códigos de conduta aprobados en desenvolvemento da disposición adicional terceira da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

2. O padroado remitiralle o citado informe ao protectorado xunto coas contas anuais. No informe deberanse especificar as operacións que se desviasen dos criterios contidos nos códigos e as razóns que o xustifican.

SECCIÓN 2.^a PLAN DE ACTUACIÓN, CONTABILIDADE E AUDITORÍA

Artigo 26. *Plan de actuación.*

1. O padroado aprobará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, en que quedarán reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexa desenvolver no exercicio seguinte. O padroado non poderá delegar esta función noutros órganos da fundación.

2. O plan de actuación conterá información identificativa de cada unha das actividades propias e das actividades mercantís, dos gastos estimados para cada unha delas e dos ingresos e outros recursos previstos, así como calquera outro indicador que permita comprobar na memoria o grao de realización de cada actividade ou o grao de cumprimento dos obxectivos.

3. O padroado remitiralle ao protectorado o plan de actuación acompañado da certificación do acordo aprobatorio do padroado e da relación dos patróns asistentes á sesión. Esta certificación será expedida polo secretario co visto e prace do presidente, que acreditarán a súa identidade por calquera dos medios admitidos en dereito para presentar documentos ante os órganos administrativos.

4. Unha vez comprobada a adecuación formal do plan de actuación á normativa vixente, o protectorado procederá a depositalo no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

Artigo 27. *Libros de contabilidade.*

As fundacións levarán necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais, así como aqueles que o padroado considere convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades e para o adecuado control das súas actividades.

Artigo 28. *Contas anuais.*

1. As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e a memoria. Formularanse ao cerramento do exercicio, de conformidade cos criterios establecidos nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, e expresaranse os valores en euros. Cando as contas vaian ser sometidas a auditoría externa, haberán de formularse dentro dos tres meses seguintes ao cerramento do exercicio. O exercicio económico coincidirá co ano natural, salvo que nos estatutos se estableza un período anual diferente.

2. As contas anuais serán aprobadas polo padroado no prazo máximo de seis meses desde o cerramento do exercicio, sen que poida delegar esta función noutros órganos da fundación.

3. As contas aprobadas serán asinadas en todas as súas follas polo secretario do padroado, co visto e prace do presidente.

4. As contas anuais e, se é o caso, o informe de auditoría presentaráselle ao protectorado dentro do prazo de dez días hábiles desde a súa aprobación, acompañadas de certificación do acordo aprobatorio do padroado en que figure a aplicación do resultado, emitida polo secretario co visto e prace do presidente, que acreditarán a súa identidade por calquera dos medios admitidos en dereito para presentar documentos ante os órganos administrativos. Os patróns que o desexen poderán solicitar que conste na devandita certificación o sentido do seu voto. Tamén se xuntará a relación de patróns asistentes á reunión en que foron aprobadas, asinada por todos eles.

5. O protectorado examinará as contas e, se é o caso, o informe de auditoría e comprobará a súa adecuación formal á normativa vixente. Se no devandito exame se apreciasen erros ou defectos formais, o protectorado notificarallo ao padroado para que proceda á súa emenda no prazo que lle sinala, non inferior a dez días. Se o padroado non atendese o devandito requirimento, o protectorado, á vista das circunstancias concorrentes, poderá exercer as accións que lle confire o artigo 35.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

6. Unha vez comprobada a adecuación formal á normativa vixente dos documentos examinados, o protectorado procederá a depositalos no Rexistro de fundacións de competencia estatal, todo iso sen prexuízo das comprobacións materiais que, dentro do prazo de catro anos desde a presentación, poida realizar no exercicio das súas funcións. Se, como consecuencia das devanditas comprobacións materiais, o protectorado apreciase calquera incumprimento da normativa aplicable, incorporará ás contas depositadas no citado rexistro as observacións que considere oportunas, sen prexuízo do posible exercicio das accións que lle confire o artigo 35.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

7. Anualmente, o protectorado remitiralle ao Ministerio de Economía e Facenda as relacións nominais das fundacións que cumpriron debidamente coa obriga de presentar as contas anuais e daquelas que incumpriron a devandita obriga ou que non atenderon os requirimentos do protectorado destinados ao cumprimento da obriga de presentar as citadas contas.

Artigo 29. *Contas consolidadas.*

1. As fundacións que realicen actividades económicas e se encontren nalgún dos supostos previstos nos artigos 42 e 43 do Código de comercio para a sociedade dominante deberán formular, ademais, contas anuais consolidadas nos termos sinalados no Código de comercio e nas disposicións contables que resulten de aplicación neste ámbito. Cando a fundación estea obrigada a

consolidar as súas contas, deberao facer constar así na memoria.

2. As contas anuais consolidadas formularanse e aprobaranse conforme o previsto no artigo anterior, depositaranse no Rexistro Mercantil, conforme o disposto na sección 2.^a do capítulo III do título III do seu regulamento, e remitiráselle unha copia ao Rexistro de fundacións de competencia estatal.

Artigo 30. *Descrición das actividades fundacionais na memoria.*

1. A descrición das actividades fundacionais identificará e cuantificará a actuación global da fundación, así como cada unha das actividades, distinguindo entre actividades propias e mercantís. Deberá conter a seguinte información:

a) Identificación das actividades, coa súa denominación e localización física. Para cada unha das actividades identificadas, especificaranse:

1.º Os recursos económicos empregados para a súa realización, con separación das dotacións á amortización e á provisión dos restantes gastos consignados na conta de resultados. Pola súa vez, informarase das adquisicións de inmovilizado realizadas no exercicio, da cancelación de débeda non comercial e doutras aplicacións.

2.º Os recursos humanos, agrupados polas seguintes categorías: persoal asalariado, persoal con contrato de servizos e persoal voluntario. Especificarase a súa dedicación horaria.

3.º O número de beneficiarios ou usuarios das súas actividades propias, diferenciando entre persoas físicas e xurídicas.

4.º Os ingresos ordinarios obtidos no exercicio, respecto ás actividades mercantís.

b) Identificación dos convenios de colaboración subscritos con outras entidades; darase unha valoración monetaria á corrente de bens e servizos que se produce.

c) Recursos totais obtidos no exercicio, así como a súa procedencia, distinguindo entre rendas e outros ingresos derivados do patrimonio, de prestación de servizos, de subvencións do sector público, de achegas privadas e de calquera outro suposto.

d) Débedas contraídas e calquera outra obriga financeira asumida pola fundación.

e) Recursos totais empregados no exercicio, distinguindo entre gastos destinados a actividades propias, mercantís e outros gastos.

f) Grao de cumprimento do plan de actuación, indicando as causas das desviacións.

2. Os ingresos e gastos mencionados neste artigo determinaranse conforme os principios, regras e criterios establecidos nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.

Artigo 31. *Auditoría externa.*

1. Correspóndelle ao padroado a designación dun auditor, tanto no suposto de que a fundación estivese legalmente obrigada a someter as súas contas a auditoría externa como no caso de que o padroado decidise voluntariamente sometelas a auditoría.

O nomeamento levarase a cabo antes de que finalice o exercicio que se vai auditar, con suxeición aos períodos de contratación previstos na Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas. Non se poderá revogar os auditores de contas antes de que finalice o período para o que foron nomeados, a non ser que medie xusta causa.

2. Excepcionalmente, o encargado do Rexistro de fundacións de competencia estatal poderá, por instancia

do protectorado ou de calquera dos membros do padroado, designar un auditor de contas para verificar as contas anuais dun exercicio determinado, nos casos en que o padroado, estando obrigado a nomear auditor, non o realizase antes da finalización do exercicio que se vaia auditar.

3. O nomeamento dos auditores polo encargado do Rexistro de fundacións de competencia estatal realizarase de entre os que aparezan na lista de auditores inscritos no Rexistro oficial de auditores de contas. Para tal efecto, o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas remitiralle, no mes de xaneiro de cada ano, ao encargado do Rexistro de fundacións de competencia estatal unha lista dos auditores inscritos no Rexistro oficial de auditores de contas en 31 de decembro do ano anterior, por cada provincia. En cada unha das listas figurarán, por orde alfabética e numerados, o nome e apelidos ou a razón social ou denominación dos auditores de contas, así como o seu domicilio, que necesariamente deberá radicar na provincia a que se refira a devandita lista. Os auditores que teñan oficina ou despacho aberto en distintas provincias poderán figurar nas listas correspondentes a cada unha delas.

Recibidas as listas, o encargado do Rexistro de fundacións de competencia estatal remitirá para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» o día e a hora do sorteo público para determinar a orde de nomeamentos. Unha vez efectuado o devandito sorteo, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» a letra do alfabeto que determinará a orde dos nomeamentos, que será a mesma para cada provincia. Esta orde comezará a rexer para os nomeamentos que se efectúen a partir do primeiro día hábil do mes seguinte a aquel en que tivese lugar a publicación e manterase ata que entre en vigor o correspondente ao seguinte ano. Para determinar qué lista é a utilizada para cada nomeamento, haberá que ter en conta a provincia onde radique o domicilio da fundación.

O encargado do Rexistro de fundacións de competencia estatal terá á disposición do público as listas de auditores.

4. A solicitude de nomeamento de auditor deberá recoller, polo menos, as seguintes circunstancias:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Denominación e datos de identificación rexistral da fundación.
- c) Causa da solicitude.
- d) Data da solicitude.

5. En defecto de normas específicas, o réxime xurídico dos auditores rexerá polo disposto na lexislación mercantil.

SECCIÓN 3.^a XESTIÓN ECONÓMICA

Artigo 32. *Destino de rendas e ingresos.*

1. Deberase destinar á realización dos fins fundacionais, polo menos, o 70 por cento do importe do resultado contable da fundación, corrixido cos axustes que se indican nos puntos seguintes.

O resto do resultado contable, non destinado á realización dos fins fundacionais, deberá incrementar ben a dotación, ben as reservas, segundo acordo do padroado.

2. Non se incluírán como ingresos:

a) A contraprestación que se obteña polo alleamento ou gravame de bens e dereitos achegados en concepto de dotación polo fundador ou por terceiras persoas, así como daqueles outros afectados polo padroado, con carácter permanente, aos fins fundacionais, incluída a plusvalía que se puidese ter xerado.

b) Os ingresos obtidos na transmisión onerosa de bens inmoables en que a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvesta en bens inmoables en que concorra a devandita circunstancia.

3. Non se considerarán en ningún caso como ingresos as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación no momento da constitución ou nun momento posterior.

4. Non se deducirán os seguintes gastos:

a) Os que estean directamente relacionados coas actividades desenvolvidas para o cumprimento de fins, incluídas as dotacións á amortización e ás provisións de inmovilizado afecto ás devanditas actividades.

b) A parte proporcional dos gastos comúns ao conxunto de actividades que correspondan ás desenvolvidas para o cumprimento dos fins fundacionais. Esta parte proporcional determinarase en función de criterios obxectivos deducidos da efectiva aplicación de recursos a cada actividade.

Estes gastos comúns poderán estar integrados, se é o caso, polos gastos por servizos exteriores, de persoal, financeiros, tributarios e outros gastos de xestión e administración, así como por aqueles dos que os patróns teñen dereito a ser resarcidos, nos termos previstos no artigo 15.4 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

5. Os ingresos e os gastos a que se refire este cómputo determinarase en función da contabilidade levada pola fundación consonte o disposto no artigo 25 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e consonte os principios, regras e criterios establecidos nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, e noutras normas de desenvolvemento do devandito plan xeral que resulten de aplicación.

6. Considérase destinado aos fins fundacionais o importe dos gastos e investimentos realizados en cada exercicio que efectivamente contribúen ao cumprimento dos fins propios da fundación especificados nos seus estatutos, excepto as dotacións ás amortizacións e provisións.

Para determinar o cumprimento do requisito do destino de rendas e ingresos, cando os investimentos destinados aos fins fundacionais fosen financiados con ingresos que se deban distribuír en varios exercicios, como subvencións, doazóns e legados, ou con recursos financeiros alleos, os devanditos investimentos computarase na mesma proporción en que o fosen os ingresos ou se amortice o financiamento alleo.

7. O destino a fins deberase facer efectivo no prazo comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtivesen os devanditos resultados e os catro anos seguintes ao seu cerramento.

8. Na memoria integrada nas contas anuais que debe presentar a fundación incluírase información detallada do cumprimento do destino a fins fundacionais, e nela especificarase o resultado sobre o que se aplica a porcentaxe do 70 por cento e os gastos e investimentos destinados a fins fundacionais, así como o importe dos gastos de administración. Tamén se incluírá esta información en relación cos saldos pendentes de aplicar de exercicios anteriores.

O protectorado analizará a información subministrada e poderá requirir que esta se amplíe e que se acheguen os documentos e xustificantes que se coiden necesarios. Na medida en que considere que a información e a documentación achegadas non acreditan o cumprimento do requisito, farao constar así no correspondente informe.

Artigo 33. Gastos de administración.

O importe dos gastos directamente ocasionados pola administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, sumado ao dos gastos dos que os patróns teñen dereito a ser resarcidos, non poderá superar a maior das seguintes cantidades: o cinco por cento dos fondos propios ou o 20 por cento do resultado contable da fundación, corrixido cos axustes que se establecen no artigo 32.

Artigo 34. Remuneración de patróns e autocontratación.

1. A solicitude de autorización para que os patróns sexan remunerados ou contraten coa fundación, por si ou por medio de representante, a que se refiren os artigos 15.4 e 28 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, será cursada ao protectorado polo padroado e terá que ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do documento en que se pretende formalizar o negocio xurídico entre o patrón e a fundación.
- b) Certificación do acordo do padroado polo que se decide a realización do negocio xurídico, incluíndo o custo máximo total que suporá para a fundación.
- c) Memoria explicativa das circunstancias concurrentes, entre as que se incluírán as vantaxes que supón para a fundación efectuar o negocio xurídico cun patrón.

2. O protectorado resolverá e notificará a resolución no prazo de tres meses, entendéndose estimada a solicitude se, transcorrido o devandito prazo, non recaese resolución expresa nin fose notificada.

3. O protectorado denegará en todo caso a autorización nos seguintes supostos:

- a) Cando o negocio xurídico encubra unha remuneración polo exercicio do cargo de patrón.
- b) Cando o valor da contraprestación que deba recibir a fundación non resulte equilibrado.

4. Tamén deberá o padroado solicitar autorización do protectorado, nos termos establecidos nos puntos anteriores, para designar como patrón unha persoa, natural ou xurídica, que manteña un contrato en vigor coa fundación.

CAPÍTULO VI**Intervención temporal****Artigo 35. Intervención temporal.**

1. Se o protectorado advertise unha grave irregularidade na xestión económica que poña en perigo a subsistencia da fundación ou unha desviación grave entre os fins fundacionais e a actividade realizada, acordará a iniciación do procedemento de intervención temporal e notificarallo ao padroado para que, no prazo de quince días, formule as alegacións que considere oportunas. Á vista destas alegacións, o protectorado poderá declarar a existencia da irregularidade ou desviación. Transcorrido o prazo de tres meses desde a iniciación do procedemento sen que se levase a cabo a devandita declaración, producirase a súa caducidade.

2. Emitida a resolución a que se refire o punto anterior, o protectorado requirirá do padroado a adopción das medidas que coide pertinentes para a corrección da irregularidade ou desviación advertida, e fixará, para tal efecto, un prazo non superior a dous meses.

3. Se o requirimento non fose atendido no prazo indicado, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial que acorde, logo de audiencia do padroado, a

intervención temporal da fundación. Xunto coa solicitude, o protectorado remitiralle á autoridade xudicial os seguintes datos:

- a) Feitos que motivan a solicitude de intervención.
- b) Medidas propostas e prazo estimado para a súa execución.
- c) Prazo da intervención solicitada.
- d) Persoas que, en representación do protectorado e en número non inferior a tres, exercerían as funcións do padroado.

4. O protectorado poderá solicitar a colaboración de organismos públicos e privados para asegurar un adecuado exercicio das atribucións que derivan da intervención acordada pola autoridade xudicial.

CAPÍTULO VII**Modificación, fusión e extinción da fundación****Artigo 36. Procedemento de modificación estatutaria.**

1. Cando o procedemento de modificación dos estatutos se inicie por instancia do padroado, nos supostos previstos no artigo 29 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, o órgano de goberno da fundación xuntaralle á preceptiva comunicación que debe efectuar ao protectorado os seguintes documentos:

- a) O texto da modificación.
- b) Certificación do acordo aprobatorio do padroado, emitida polo secretario co visto e prace do presidente.

Se no prazo de tres meses desde a recepción da comunicación o protectorado non se opuxese motivadamente e por razóns de legalidade á modificación estatutaria, ou se antes de que vencese aquel prazo manifestase de forma expresa a súa non-oposición á modificación ou nova redacción dos estatutos, o padroado elevará a escritura pública a modificación dos estatutos para a súa ulterior inscrición no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

2. Cando o procedemento sexa iniciado polo protectorado, este requirirá do padroado a modificación que coide necesaria e fixará un prazo suficiente para levala a cabo, en atención ás circunstancias que concorran, que non poderá ser inferior a tres meses. Transcorrido o devandito prazo sen que o padroado acordase a modificación requirida, ou ante a súa oposición expresa, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial que resolva sobre a procedencia da modificación de estatutos requirida.

Artigo 37. Procedemento de fusión de fundacións.

1. Acordada a fusión por propia iniciativa dos padroados afectados, sempre que non o prohibise o fundador, xuntarán á preceptiva comunicación ao protectorado, que se poderá opoñer ou mostrar a súa non-oposición en idénticos termos aos establecidos no artigo anterior, os seguintes documentos:

- a) Certificación do acordo aprobatorio de fusión de cada un dos padroados, emitida polos seus secretarios co visto e prace dos seus presidentes.
- b) Informe xustificativo da fusión, aprobado polos padroados das fundacións fusionadas, en que se exporá o modo en que afectará aos fins e actividades das fundacións fusionadas e o patrimonio achegado por cada unha delas.
- c) O último balance anual aprobado de cada unha das fundacións fusionadas, se o devandito balance cerrase dentro dos seis meses anteriores ao acordo de

fusión. En caso contrario, elaborárase un balance específico de fusión.

d) Os estatutos da nova fundación e a identificación dos membros do seu primeiro padroado.

A fusión requirirá o outorgamento de escritura pública, en que conste o acordo de fusión aprobado polos respectivos padroados, e a súa inscrición no Rexistro de fundacións de competencia estatal. Na escritura pública de fusión incluírase o indicado nos parágrafos a), b), c) e d).

2. Cando a fundación sexa requirida polo protectorado, no suposto de que resulte incapaz de alcanzar os seus fins, para que se fusione con outra de fins análogos que manifestase a súa vontade favorable, e sempre que o fundador non o prohibise, o protectorado concederlle un prazo suficiente para negociar o acordo de fusión, atendidas as circunstancias concorrentes, que non poderá ser inferior a tres meses. Transcorrido o devandito prazo sen ter recibida a documentación indicada no punto anterior, ou ante a oposición expresa do padroado requirido, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial que ordene a fusión.

Artigo 38. *Procedemento de extinción da fundación.*

1. Cando o padroado acorde extinguir a fundación por se ter realizado integramente o fin fundacional, por resultar imposible a súa realización ou por concorrer calquera outra causa prevista no acto constitutivo ou nos estatutos, deberá solicitar a ratificación do protectorado, para o que xuntará a seguinte documentación:

a) Certificación do acordo de extinción adoptado polo padroado, emitida polo secretario co visto e prace do presidente.

b) Memoria xustificativa da concorrencia dunha causa de extinción específica das previstas no primeiro parágrafo deste punto. No suposto de que a causa de extinción sexa a imposibilidade de realizar o fin fundacional, haberá que xustificar, ademais, a improcedencia ou a imposibilidade de modificar os estatutos ou de levar a cabo un proceso de fusión.

c) As contas da entidade referidas á data en que se adoptou o acordo de extinción.

d) O proxecto de distribución dos bens e dereitos resultantes da liquidación.

O protectorado, unha vez examinada a documentación achegada polo padroado e no prazo de tres meses, resolverá de forma motivada sobre a ratificación do acordo de extinción. A falta de resolución expresa debidamente notificada no prazo citado, o acordo de extinción poderase entender ratificado. Se a resolución fose denegatoria, o padroado poderá instar ante a autoridade xudicial a declaración de extinción da fundación.

2. Se o protectorado apreciase de oficio a concorrencia dalgún dos supostos de extinción previstos no punto anterior, comunicarlle ao padroado a necesidade de adoptar o acordo de extinción no prazo que para o efecto sinale, que non poderá ser inferior a tres meses. Transcorrido o devandito prazo sen que o padroado adoptase o acordo de extinción requirido, ou ante a súa oposición expresa, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial a declaración de extinción da fundación.

3. A extinción da fundación por calquera causa establecida nas leis que non se encontre recollida nas letras a) a e) do artigo 31 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, requirirá en todo caso resolución xudicial motivada. Tanto o padroado como o protectorado poderán instar esta resolución, a non ser que a lei aplicable estableza outra cousa.

4. O acordo de extinción, que deberá constar en escritura pública, ou, se é o caso, a resolución xudicial inscribírase no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

Artigo 39. *Procedemento e criterios de liquidación.*

1. A liquidación da fundación extinguida será realizada polo padroado baixo o control do protectorado. Para tal efecto, o protectorado poderá solicitar do padroado canta información considere necesaria, mesmo con carácter periódico, sobre o proceso de liquidación.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, o padroado poderá apoderar ou delegar a execución material dos seus acordos relativos ao proceso de liquidación.

3. O procedemento de liquidación iníciase coa aprobación polo padroado do balance de apertura da liquidación.

4. Resultan aplicables ao proceso de liquidación os requisitos establecidos con carácter xeral para os actos dispositivos dos bens e dereitos da fundación, así como as normas que regulan a responsabilidade dos patróns.

5. O protectorado impugnará ante a autoridade xudicial os actos de liquidación que resulten contrarios ao ordenamento xurídico ou aos estatutos da fundación.

6. Non se poderán destinar os bens e dereitos resultantes da liquidación ás entidades a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 33 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, sen que fosen satisfeitos todos os acredores ou sen ter consignado o importe dos seus créditos. Cando existan créditos non vencidos, asegurárase previamente o pagamento.

7. A función liquidadora do padroado concluirá co outorgamento da escritura de cancelación da fundación, a solicitude da cancelación dos asentos referentes á fundación e a súa inscrición no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

CAPÍTULO VIII

O protectorado

Artigo 40. *Organización xeral do protectorado.*

1. O protectorado das fundacións de competencia estatal será exercido pola Administración xeral do Estado a través dos departamentos ministeriais que posúan atribucións vinculadas cos fins fundacionais, tal e como aparecen descritos nos estatutos da fundación. A atribución do protectorado a novos departamentos ministeriais só poderá levarse a cabo mediante acordo do Consello de Ministros.

2. O Rexistro de fundacións de competencia estatal decidirá, á vista do fin principal da fundación establecido nos seus estatutos, tanto no momento da súa constitución como con ocasión dunha eventual modificación estatutaria que afecte os seus fins, o protectorado competente a que a devandita fundación quedará adscrita.

3. No ámbito de cada departamento ministerial, a titularidade do protectorado correspóndelle ao ministro, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación ou desconcentración. As resolucións do titular do protectorado poñen fin á vía administrativa.

Artigo 41. *Atribucións do protectorado.*

1. O protectorado exerce respectando a autonomía de funcionamento das fundacións e co obxectivo de

garantir o cumprimento da legalidade e dos fins establecidos pola vontade fundacional.

2. O protectorado desempeñará as funcións que se enumeran nos artigos seguintes deste capítulo, sen prexuízo de calquera outra que puidese outorgarlle a lei.

Artigo 42. *Funcións de apoio, impulso e asesoramento.*

Considéranse funcións de apoio, impulso e asesoramento do protectorado as seguintes:

a) Asesorar as fundacións en proceso de constitución en relación coa normativa aplicable ao devandito proceso, en particular sobre aspectos relacionados coa dotación, os fins de interese xeral e a elaboración de estatutos, así como sobre a tramitación administrativa correspondente.

O protectorado facilitaralles aos interesados que o soliciten un modelo de estatutos de carácter orientativo.

Así mesmo, os interesados poderán someter ao protectorado un borrador de estatutos para o seu informe previo non vinculante.

b) Asesorar as fundacións xa inscritas en relación co seu réxime xurídico, económico-financieiro e contable, en particular sobre os seguintes aspectos:

1.º Normativa vixente que afecta o sector fundacional.

2.º Funcionamento e actuación do padroado.

3.º Expedientes relativos a disposición e gravame de bens, autocontratación, modificación de estatutos, fusión, extinción e liquidación.

4.º Elaboración das contas anuais, obrigas formais da súa presentación e demais aspectos relacionados coa contabilidade.

5.º Elaboración e presentación do plan de actuación.

6.º Descrición das actividades en cumprimento de fins que deben figurar na memoria. O protectorado poderá facilitar, por solicitude dos interesados, un modelo-resumo para presentar a información de forma cuantificada e homoxénea.

c) Promover a realización de estudos sobre a viabilidade das fundacións, coa conformidade destas.

d) Dar a coñecer a existencia e actividades das fundacións, sen prexuízo da función de publicidade rexistral correspondente ao Rexistro de fundacións de competencia estatal.

O protectorado, mediante publicacións en papel ou por calquera procedemento de comunicación informático ou telemático, levará a cabo as seguintes actividades:

1.º Difundir información xeral sobre fundacións que inclúa, entre outros datos, os necesarios para a identificación e localización das fundacións, os seus fins estatutarios e as actividades realizadas no seu cumprimento, detallando, cando sexa posible, os usuarios e os recursos empregados.

2.º Elaborar e publicar, por si mesmo ou en colaboración cos protectorados das comunidades autónomas, directorios de fundacións.

3.º Ofrecer datos agregados sobre a realidade social e económica das fundacións e sobre as actividades que realizan en cumprimento dos seus fins.

4.º Proporcionar listaxes de fundacións aos interesados que o soliciten.

5.º Proporcionar aos padroados, con carácter facultativo, formularios que faciliten as relacións cos seus protectorados.

e) Promover, en colaboración coas unidades editoras do respectivo departamento, a elaboración de publicacións sobre os diversos aspectos da realidade fundacional.

Artigo 43. *Funcións en relación co proceso de constitución.*

Son funcións do protectorado no proceso de constitución das fundacións as seguintes:

a) Velar polo respecto á legalidade na constitución da fundación.

b) Informar, con carácter preceptivo e vinculante para o Rexistro de fundacións de competencia estatal, sobre a idoneidade dos fins e sobre a adecuación e suficiencia dotacional das fundacións que se encontren en proceso de constitución, de acordo co previsto nos artigos 3 e 12 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

c) Outorgar, logo de autorización xudicial, escritura pública de constitución da fundación, mediante a persoa que designe o propio protectorado, no suposto de fundación constituída por acto mortis causa previsto no artigo 9.4 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

d) Cesar os patróns das fundacións en proceso de formación que, no prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura de constitución, non instasen a súa inscrición no Rexistro de fundacións de competencia estatal, e nomear novos patróns, logo de autorización xudicial.

Artigo 44. *Funcións en relación co padroado.*

Son funcións do protectorado en relación co padroado das fundacións as seguintes:

a) Autorizar o padroado para asignar unha retribución aos patróns por servizos prestados á fundación distintos dos que implican o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do padroado.

b) Autorizar os patróns que se vaian contratar coa fundación, xa sexa en nome propio ou dun terceiro.

c) Exercer provisionalmente as funcións de padroado cando faltasen, por calquera motivo, todas as persoas chamadas a integralo.

d) Designar a persoa ou persoas que integren provisionalmente o padroado no suposto previsto no artigo 18.1 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

e) Asumir todas as atribucións legais e estatutarias do padroado durante o tempo que determine a resolución xudicial de intervención temporal da fundación.

Artigo 45. *Funcións en relación co patrimonio da fundación.*

Son funcións do protectorado en relación co patrimonio da fundación as seguintes:

a) Autorizar o alleamento ou gravame dos bens e dereitos da fundación cando formen parte da dotación ou estean directamente vinculados ao cumprimento dos seus fins, velando para que non quede inxustificadamente minguado o valor económico da dotación fundacional.

b) Ter coñecemento formal daqueles negocios xurídicos da fundación sobre os que o padroado está legalmente obrigado a informar o protectorado.

c) Velar en todo momento pola adecuación e suficiencia da dotación fundacional en función do efectivo cumprimento dos fins fundacionais, sen prexuízo da responsabilidade que para tal efecto lle corresponde ao padroado.

Artigo 46. *Funcións relativas ao cumprimento de fins.*

Son funcións do protectorado en relación co cumprimento de fins por parte das fundacións as seguintes:

a) Velar polo efectivo cumprimento dos fins fundacionais, tendo en conta a vontade do fundador e a consecución do interese xeral.

b) Coñecer e examinar o plan de actuación e as contas anuais, incluídos, se é o caso, os informes de auditoría, así como solicitar, se é o caso, o nomeamento de auditor externo.

c) Comprobar que as fundacións facilitan información adecuada e suficiente respecto dos seus fins e actividades, para que sexan coñecidas polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

d) Comprobar que as fundacións actúan con criterios de imparcialidade e non-discriminación na determinación dos seus beneficiarios.

e) Verificar se os recursos económicos da fundación foron aplicados aos fins fundacionais. Cando existan dúbidas a este respecto, o protectorado poderá solicitar, á súa custa, un informe pericial sobre os extremos que considere necesario aclarar. Así mesmo, poderalle solicitar ao padroado a información que resulte necesaria, así como realizar actuacións de comprobación na sede fundacional, logo de conformidade do padroado. O informe pericial deberá ser emitido por un perito independente ou por un funcionario designado polo protectorado, no prazo fixado por este.

Artigo 47. *Funcións en relación coa modificación, fusión e extinción das fundacións.*

Son funcións do protectorado en relación coa modificación, fusión e extinción das fundacións as seguintes:

a) Ter coñecemento e, se é o caso, opoñerse, por razóns de legalidade e de forma motivada, aos acordos de modificación de estatutos ou de fusión, adoptados polo padroado.

b) Solicitar da autoridade xudicial a modificación dos estatutos ou a fusión das fundacións, nos supostos previstos nos artigos 29 e 30 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

c) Ratificar o acordo do padroado sobre extinción da fundación cando se realizase integramente o fin fundacional, sexa imposible a súa realización ou conorra outra causa prevista no acto constitutivo ou nos estatutos.

d) Solicitar da autoridade xudicial a extinción da fundación, nos supostos previstos no artigo 32 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

e) Ter coñecemento e supervisar, se é o caso, as operacións de liquidación da fundación, así como acordar o destino que se lles teña que dar aos bens desta, de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

Artigo 48. *Funcións en relación co exercicio das accións legalmente previstas.*

O protectorado exercerá as seguintes funcións en relación co exercicio das accións legalmente previstas:

a) Exercer a acción de responsabilidade en favor da fundación fronte aos patróns, cando legalmente proceda.

b) Instar xudicialmente o cesamento dos patróns polo desempeño do cargo sen a dilixencia prevista pola lei.

c) Nomear novos patróns, logo de autorización xudicial, no suposto previsto no artigo 13.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

d) Impugnar os actos e acordos do padroado que sexan contrarios á lei ou aos estatutos.

e) Instar da autoridade xudicial a intervención da fundación cando concurran as circunstancias previstas no artigo 42 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

f) Ditar unha resolución motivada e trasladar a documentación oportuna ao Ministerio Fiscal ou ao órgano xurisdiccional competente cando encontre indicios racionais de ilicitude penal na actividade dunha fundación, e comunicarllo simultaneamente a esta.

g) Velar polo cumprimento das obrigas establecidas na disposición adicional segunda da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, na súa redacción dada pola disposición adicional primeira da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais.

CAPÍTULO IX

O Consello Superior de Fundacións

Artigo 49. *Natureza e estrutura.*

1. O Consello Superior de Fundacións é un órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito ao Ministerio de Administracións Públicas, e integrado por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das fundacións.

2. O Consello Superior de Fundacións funcionará en Pleno, en Comisión Permanente e mediante a Comisión de Cooperación e Información Rexistral.

Artigo 50. *Funcións.*

1. Serán funcións do Consello Superior de Fundacións:

a) Asesorar e informar sobre calquera disposición legal ou regulamentaria de carácter estatal que afecte directamente as fundacións, así como formular propostas neste ámbito. Así mesmo, deberá informar sobre tales asuntos cando lle sexan consultados polos Consellos de Goberno das comunidades autónomas.

b) Planificar e propoñer as actuacións necesarias para a promoción e o fomento das fundacións e realizar os estudos precisos para o efecto.

c) As demais que lle poidan atribuír as disposicións vixentes.

2. O Rexistro de fundacións de competencia estatal, así como os departamentos que exerzan o protectorado das fundacións de competencia estatal, facilitaranlle ao Consello Superior de Fundacións canta documentación e información relativa ás fundacións sexa necesaria para o debido exercicio das súas funcións.

Artigo 51. *Pleno do Consello.*

1. O Pleno do Consello Superior de Fundacións estará constituído polo presidente, un vicepresidente, un secretario e os vogais que se determinan no punto 4.

2. Actuará como presidente o ministro de Administracións Públicas.

3. Será vicepresidente o secretario xeral para a Administración Pública do Ministerio de Administracións Públicas.

4. Serán vogais do Pleno do Consello:

a) Dez representantes con categoría, polo menos, de director xeral, designados polo presidente do Consello, por proposta, cada un deles, dos ministros de Xustiza, de Economía e Facenda, de Educación e Ciencia, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de

Administracións Públicas, de Cultura e de Medio Ambiente.

b) Dez representantes das comunidades autónomas, designados polo presidente do Consello, por proposta daquelas, logo de acordo na Conferencia Sectorial de Administracións Públicas.

c) Dez representantes das fundacións, designados polo presidente do Consello para un período de catro anos. Estes representantes serán propostos:

1.º Cinco polas asociacións de fundacións, correspondendo tres representantes a asociacións de fundacións con implantación estatal, e outros dous a asociacións de fundacións de ámbito autonómico.

2.º Cinco polas fundacións non integradas en asociacións, calquera que sexa o seu ámbito.

5. Poderán asistir ás reunións do Pleno, con voz e sen voto, os expertos que se consideren necesarios, logo de convocatoria do presidente.

6. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario do Ministerio de Administracións Públicas con rango de subdirector xeral, designado polo ministro.

Artigo 52. *Vogais representantes das fundacións.*

1. O Ministerio de Administracións Públicas efectuará unha convocatoria pública para a proposta de candidatos e aprobará as normas relativas á súa elección.

2. Para propoñer candidatos, tanto as asociacións como as fundacións deberán cumprir e acreditar os seguintes requisitos:

a) Encontrarse debidamente inscritas no rexistro correspondente.

b) Encontrarse ao corrente das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social.

c) No caso das fundacións, ter cumpridas as súas obrigas en materia de presentación das contas anuais e do plan de actuación, ou os documentos equivalentes en cada comunidade autónoma.

Os candidatos propostos deben contar con plena capacidade de obrar e non encontrarse inhabilitados para o exercicio de cargos públicos.

3. Cada asociación de fundacións, conforme as súas respectivas normas estatutarias, poderá propoñer un máximo de tres representantes, se se trata de asociacións de ámbito estatal, ou un máximo de dous, se se trata de asociacións autonómicas, e xuntará unha relación nominal das fundacións integradas nela.

O presidente designará como vogais do Pleno o primeiro candidato proposto por cada unha das asociacións estatais, e por cada unha das autonómicas, que contén no seu respectivo ámbito con maior número de fundacións asociadas.

No caso de que non se presentasen asociacións en número suficiente para cubrir as cinco prazas a que se refire este punto, a praza ou as prazas vacantes pasarán ás asociacións que, dentro do mesmo ámbito estatal ou autonómico, presentasen candidatos, e repartiránse segundo o criterio establecido no parágrafo anterior.

4. Cada fundación, estatal ou autonómica, non integrada en asociacións poderá presentar un único candidato. Tamén poderán presentar candidato as fundacións integradas en asociacións, pero só serán tidos en conta se a asociación a que pertencen non obtivo representación no Pleno.

O presidente do Consello designará como vogais os candidatos propostos por aquelas fundacións que, dentro de cada un dos grupos que a continuación se relacionan, contén con maior patrimonio, entendido como total

activo do balance de situación, de acordo coas últimas contas anuais depositadas:

a) Fundacións cuxo patrimonio non exceda os 120.000 euros.

b) Fundacións cun patrimonio entre 120.000 e 500.000 euros.

c) Fundacións cun patrimonio entre 500.000 e un millón de euros.

d) Fundacións cun patrimonio entre un millón e tres millóns de euros.

e) Fundacións cuxo patrimonio sexa superior a tres millóns euros.

No caso de igualdade de patrimonio, primará a prioridade na data de inscrición rexistral da escritura fundacional.

Se faltasen candidatos para cubrir a praza correspondente a un ou máis dos grupos indicados, a vacante pasará ao grupo de patrimonio inmediatamente superior e, no caso de non poder ser cuberta desta forma, ao inmediatamente inferior.

5. No caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun vogal representante das fundacións, será substituído por quen indique a asociación ou fundación que o propuxo.

Artigo 53. *Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente estará composta polo vicepresidente do Consello, que actuará como presidente, e polos seguintes vogais:

a) Cinco vogais elixidos polos representantes da Administración xeral do Estado no Pleno, entre eles.

b) Cinco vogais elixidos polos representantes das comunidades autónomas no Pleno, entre eles.

c) Cinco vogais elixidos polos representantes das fundacións no Pleno, entre eles.

2. Será secretario da Comisión Permanente o do Pleno.

3. Son funcións da Comisión Permanente:

a) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados polo Pleno e polas actuacións en curso derivadas daqueles.

b) Resolver as cuestións que, con carácter de urxencia, se lle formulen ao Consello, e dar conta ao Pleno das actuacións levadas a cabo.

c) Propoñer asuntos que hai que debater ao Pleno do Consello e elevarlle propostas.

d) Cantos outros cometidos lle sexan delegados ou asignados polo Pleno.

Artigo 54. *Comisión de Cooperación e Información Rexistral.*

1. Como órgano encargado de establecer mecanismos para a colaboración e información mutua entre os distintos rexistros, en particular no relativo ás denominacións e ás comunicacións sobre a inscrición e, se é o caso, a extinción das fundacións, existirá no Consello Superior de Fundacións a Comisión de Cooperación e Información Rexistral.

2. A Comisión de Cooperación e Información Rexistral estará composta polo director xeral de que dependa o Rexistro de fundacións de competencia estatal, que actuará como presidente, e polos seguintes membros:

a) Tres vogais en representación da Administración xeral do Estado con rango, polo menos, de subdirector xeral ou de xefe de división, elixidos polos representantes da Administración xeral do Estado no Pleno do Consello.

b) Tres vogais elixidos polos representantes das comunidades autónomas no Pleno do Consello, entre eles.

3. Será secretario da Comisión de Cooperación e Información Rexistral o funcionario que designe o ministro de Xustiza.

4. Son funcións da Comisión de Cooperación e Información Rexistral:

a) Preparar o informe ou ditame que o Pleno lle solicite sobre os instrumentos de colaboración e información mutua entre os distintos rexistros de fundacións.

b) Establecer as medidas ou mecanismos que considere necesarios para garantir a colaboración e información mutua entre os diferentes rexistros de fundacións.

c) Constituír ponencias ou grupos de traballo para a elaboración de informes e propostas sobre os medios que se consideren necesarios para garantir a cooperación e información mutua entre os diferentes rexistros de fundacións.

d) Informar, por solicitude do encargado de calquera rexistro de fundacións, de cal sexa o mecanismo procedente para garantir a cooperación e información mutua entre rexistros, e elevarlles ás autoridades administrativas competentes as propostas que considere convenientes para tales fins.

e) Establecer os criterios de actuación para o traslado da fundación dun rexistro a outro diferente, no caso de que a fundación cambiase o ámbito territorial en que principalmente vaia desenvolver as súas actividades.

Artigo 55. *Funcionamento.*

1. Por acordo do Pleno ou da Comisión Permanente poderán constituírse ponencias, grupos de traballo ou comités especializados para o mellor cumprimento dos seus fins.

2. O Consello Superior de Fundacións rexerá polas súas propias normas de funcionamento e polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A participación no Consello Superior de Fundacións ten carácter honorífico e non dará dereito a retribución ningunha, agás, se é o caso, as compensacións que correspondan en aplicación do previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Disposición adicional primeira. *Fundacións laborais.*

Para os efectos deste regulamento, considéranse fundacións laborais:

a) As creadas por pacto ou concerto entre as empresas e os seus traballadores, as constituídas en virtude de acto unilateral dunha empresa ou de terceiras persoas en beneficio dos traballadores dunha ou varias empresas e dos seus familiares.

b) As formadas entre as organizacións empresariais e sindicais máis representativas dun sector ou sectores determinados para o desenvolvemento de fins laborais.

Disposición adicional segunda. *Auditoría externa e plan de actuación das fundacións do sector público estatal.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará a auditoría externa a que están obrigadas as fundacións do sector público estatal en que concorran as

circunstancias previstas no artigo 25.5 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, de acordo co previsto no artigo 46.3 da devandita lei e no artigo 168.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O prazo de elaboración e aprobación polo padroado do plan de actuación das fundacións do sector público estatal finalizará o mesmo día que o de tramitación do orzamento de explotación e capital, previsto no artigo 66 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Cando a entidade, de acordo co artigo 66.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, estea obrigada a presentar un programa de actuación plurianual, as actividades detalladas no plan de actuación serán as que deriven do citado programa.

As modificacións do orzamento de explotación e capital aprobadas polos órganos competentes, de acordo co sinalado no artigo 67.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, modificarán, pola súa vez, o plan de actuación.

Disposición adicional terceira. *Inventario.*

O inventario dos elementos patrimoniais da fundación elaborárase consonte o disposto nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos vixentes en cada momento.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19250 *REAL DECRETO 1332/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.* («BOE» 280, do 23-11-2005.)

A Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, responde a dous obxectivos básicos: o establecemento dun réxime de supervisión adicional para os conglomerados financeiros e a revisión das normativas sectoriais (banca, valores e seguros) para alcanzar unha axeitada coherencia entre todas elas e aliñalas co novo réxime de conglomerados financeiros.

A lei incorpora de forma parcial ao noso ordenamento interno a Directiva 2002/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativa á vixilancia complementaria das entidades de crédito, as compañías de seguros e as entidades de investimento que pertencen a un conglomerado financeiro, pola que se modifican as directivas 73/239/CEE, 79/267/CEE, 92/49/CEE, 92/96/CEE, 93/6/CEE e 93/22/CEE do Consello, e as directivas 98/78/CE e 2000/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello. A regulación comunitaria débese encadrar no ámbito das actuacións do Plan de acción de servizos financeiros, que, na súa busca da consecución dun mercado único de servizos financeiros, estableceu dentro dos seus obxectivos a necesidade do reforzo das estruturas cautelares. Nesta liña de actuación, o Libro verde de servizos financeiros (2005-2010), que establece os criterios de converxencia